

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICA E XUSTIZA E CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA EN MATERIA DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIDADÁ

Santiago de Compostela, a cinco de abril de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 81/2009, do 19 de abril, do seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Dunha parte, na súa condición Presidenta Autonómica de Cruz Vermella Española en Galicia, con CIF ... e domicilio na rúa ..., actuando en nome e representación da mesma en virtude da capacidade que lle confire o Regulamento Xeral Orgánico de Cruz Vermella Española.

Ambas partes se recoñecen mutuamente capacitadas para a sinatura deste Acordo, e a tal fin,

EXPOÑEN

I. Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior ten como funcións, segundo o DECRETO 72/2013, de 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a dirección, coordinación e execución das atribucións que ten asumidas a Consellería en materia de atención de emerxencias e de protección civil e a planificación da protección civil.

II. Que Cruz Vermella Española é unha organización humanitaria de carácter voluntario e de interese público que desenvolve a súa actividade baixo a protección do Estado a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Axustándose ó previsto nos convenios internacionais sobre a materia subscritos e ratificados por España, ó Real Decreto 415/1996, do 1 de marzo, á lexislación que lle sexa aplicable e as súas propias normas internas.

III. Que a dilatada experiencia da Cruz Vermella Española en tarefas de protección e socorro da poboación en situacións de emerxencia, fai desta institución unha valiosa, acreditada e eficaz colaboradora da Administración Autonómica, colaboración que en materia de protección civil recóllese expresamente no artigo 7 da Lei 2/1985 de Protección Civil.

IV. Que as actuacións contempladas no presente acordo teñen por obxecto mellorar a colaboración e coordinación entre a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e a Cruz Vermella Española en beneficio da poboación de Galicia, así como permitir ós responsables da xestión das emerxencias o coñecemento dos medios humanos e materiais de que dispón en cada momento Cruz Vermella.

Ó abeiro do anteriormente exposto, as partes asinantes coincidindo en que a iniciativa obxecto de colaboración é de común interese para ambas e harmoniza cos fins dunha e outra, conveñen subscribir o presente acordo, que se rexerá polas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente Convenio é establecer as pautas xerais da colaboración entre a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e Cruz Vermella Española en Galicia.

SEGUNDA. Inclusión nos plans de Protección Civil.

A Cruz Vermella Española será incluída na redacción dos distintos plans de emerxencia co fin permitir a integración dos seus recursos, segundo proceda, nos grupos loxístico e sanitario e posibilitar a integración con todos os intervintes en casos de emerxencia real e a participación en exercicios de preparación que permitan garantir o emprego axeitado dos recursos .

TERCEIRA. Información dos medios e recursos

Coa finalidade de poder ser coñecidos e empregados si fose necesario, Cruz Vermella Española en Galicia informará á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior dos medios e recursos dos que dispón, tanto na Comunidade Autónoma de Galicia como dos que ten dispoñibles Cruz Vermella Española nos seus servizos centrais, así como das condicións de mobilización dos mesmos.

A información dos devanditos medios xúntase no ANEXO I e actualízase polo menos unha vez ó ano.

CUARTA. Colaboración co CAE 112

A colaboración operativa entre Cruz Vermella e o CAE 112 desenvolverase mediante un convenio específico asinado entre Cruz Vermella Española e a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA).

QUINTA. Emerxencias de carácter extraordinario

No suposto de emerxencias que pola súa especial extensión ou intensidade sexan particularmente graves, a Cruz Vermella Española en Galicia porá os medios humanos e materiais necesarios, que seguirán baixo a súa propia dirección, para solventar as incidencias que se produzan dentro do seu campo de actuación.

A coordinación operativa producirase baixo a dirección do CAE 112 e segundo os procedementos establecidos no convenio específico Cruz Vermella-AXEGA.

SEXTA. Comisión de seguimento

Constituirase unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes da Cruz Vermella Española en Galicia e dous representantes da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

A Comisión de Seguimento terá como funcións:

- A) Resolver as dúbidas que poidan xurdir na interpretación e aplicación do presente Acordo.
- B) En xeral, servirá como canle para facilitar os contactos e acordos entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a Cruz Vermella Española en Galicia en materia de colaboración en emerxencias.
- C) Calquera outra función que se lle encomende expresamente por escrito e por acordo de ambas partes.

Esta comisión poderá reunirse a solicitude de calquera das partes, e como mínimo unha vez ó ano.

SÉTIMA. Vixencia

O presente Acordo de Colaboración entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia dun ano prorrogable, mediante acordo expreso, sucesivamente por anos naturais a menos que calquera das partes manifeste por escrito á outra a súa vontade de dalo por extinguido cunha antelación mínima dun mes ó vencemento do prazo de vixencia ou de calquera das súas prórrogas.

OITAVA. Confidencialidade

Ámbalas dúas partes comprométense a garantir a confidencialidade necesaria respecto da información que se achegue como consecuencia do presente acordo e que pola súa natureza poida ser considerada sensible en relación cos intereses concorrentes e/ou que poidan ser obxecto de protección xurídica pola normativa vixente en materia de protección de datos. Dita información non poderá ser utilizada para fins distintos aos aquí previstos, nin posta a disposición de persoas

vinculadas ás partes distintas ás que deban coñecela para garantir o bo fin perseguido no presente Acordo.

As partes acordan que en todo caso, o intercambio de información entre elas respectará o establecido na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal. En consecuencia, nos casos nos que a comunicación de datos de carácter persoal non se atopara amparada pola Lei 15/1995 Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e a súa normativa de desenvolvemento, a información trasladarase con carácter global, non individualizada e preservando o dereito á intimidade das persoas físicas.

NOVENA: Aplicación, interpretación e efectos do presente Acordo

O presente Acordo ten natureza administrativa, sendo o réxime xurídico aplicable ó mesmo o establecido no Título I da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Todas as cuestións que se susciten en canto á aplicación, interpretación e efectos do presente Acordo que non queden solventadas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula novena, serán resoltas polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

DECIMA: Resolución e revogación

Serán causas de resolución deste acordo de colaboración:

1. A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito con tres (3) meses de antelación.
2. Incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas neste acordo
3. Mutuo acordo das partes.

Este acordo de colaboración obriga ó cumprimento do expresamente pactado e somete a ambas partes ó acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por cuadriplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

**POLA VICEPRESIDENCIA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA E
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS**

POLA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA

Anexo I

Recursos dispoñibles

para a colaboración cos sistemas publicos de emerxencia

www.cruzvermella.org



Cruz Vermella

Resumo executivo _ actualizado a agosto 2015

2. Recursos emerxencia sanitaria



Cruz Vermella

Descrición	Localización
16 ambulancias tipo asistencial, con persoal capacitado para a primeira atención e o transporte sanitario. 1 ambulancia medicalizada 2 vehículos de Intervención Múltiple (VIM) con persoal capacitado para a primeira atención e a desfibrilación semiautomática DEA pero sin capacidade de transporte de doentes.	A Coruña (3), Ferrol (1), Santiago (2), Betanzos (1), Noia (1), Lugo (2), Sarria (1), Ourense (2), , Pontevedra (2), Vigo (2)
  	Sistema de activación Chamada dende a central do 061 ó centro de Coordinación Cruz Vermella
16 A	Telefono de activación 981 221 000 - 902 222292 Teléfonos 24 horas
1 A med	Tempo estimado de resposta Segundo o acordado coa Fundación Pública 061.
2 VIM	

3. ERIE Intervención psicosocial




Descrición	Localización
Os Equipos de Resposta Inmediata en Emerxencias (ERIE) teñen como obxecto poñer a disposición da administración un conxunto de prestacións para colaborar na minimización dos efectos dunha situación de emerxencia pública. O ERIE de intervención Psicosocial ten como tarefa principal proporcionar unha axeitada atención integral ás vítimas, familiares e intervinientes que se vexan afectados por unha situación de emerxencia coa finalidade de satisfacer as necesidades psicolóxicas, sociais e sanitarias dos afectados nos primeiros momentos da emerxencia.	Ámbito: Galicia. Dividido en 4 Grupos de Intervención, localizados en : A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
44 Psicológos 15 Traballadores Sociais 9 Coordinadores 6 Médicos 16 DUEs 57 socorristas 2 VIM 1 U.M. coordinación 4 V. rescate	Sistema de activación Chamada dende a central do 112- Emerxencias ó centro de Coordinación Cruz Vermella Telefono de activación 981 221 000 - 902 222292 Teléfonos 24 horas Tempo estimado de resposta 3 horas

4. ERIE Albergue provisional




Descrición	Localización
Os Equipos de Resposta Inmediata en Emerxencias (ERIE) teñen como obxecto poñer a disposición da administración un conxunto de prestacións para colaborar na minimización dos efectos dunha situación de emerxencia pública. O ERIE de albergue provisional ten por obxecto o suministro e distribución de elementos de abrigo, alimentación e hixiene, así como instalar áreas de albergue provisional ou xestionar ás dispostas por outros intervinientes.	Ámbito: Galicia. Dividido en 4 Grupos de Intervención, localizados en : A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
5 Coordinadores 97 técnicos de montaxe 1 ambulancia 3 socorristas 1 posto sanitario Integración total cos albergues montados pola Unidade Militar de Emerxencias (protocolos e exercicios conxuntos)	Sistema de activación Chamada dende a central do 112- Emerxencias ó centro de Coordinación Cruz Vermella Telefono de activación 981 221 000 - 902 222292 Teléfonos 24 horas Tempo estimado de resposta 3 horas

5. ERIE Busca e Rescate no medio acuático

Descrición	Localización
Os Equipos de Resposta Inmediata en Emerxencias (ERIE) teñen como obxecto poñer á disposición da administración un conxunto de prestacións para colaborar na minimización dos efectos dunha situación de emerxencia pública. O ERIE de busca e salvamento no medio acuático leva a cabo as funcións de busca e rastreo de persoas desaparecidas, salvamento de persoas en medio acuático e loita contra a contaminación.	Ámbito: Galicia. Base principal: A Coruña, base de salvamento (Dique de abrigo, s/n)
 6 patróns 14 socorristas acuáticos 13 embarcacións 4 TT rescate e remolque	Sistema de activación Chamada dende SASEMAR- Sociedade Estatal de Salvamento Marítimo ou central do 112- Emerxencias ó centro de Coordinación Cruz Vermella Telefono de activación 981 221 000 - 902 222292 Teléfonos 24 horas Tempo estimado de resposta 3 horas

6. Unidades salvamento marítimo

Descrición	Localización
A rede de bases de salvamento marítimo funciona como recurso coordinado coa Sociedade Estatal de Salvamento Marítimo (SASEMAR) e desenvolve funcións de busca, salvamento e rescate, servizos de asistencia e remolque de embarcacións en perigo e tarefas de apoio en materia de vixilancia e loita contra a contaminación mariña, no marco do Plan Nacional de Salvamento Marítimo e loita contra a contaminación.	6 bases de salvamento marítimo en: A Coruña, Malpica, Ribeira, Cedeira, Laxe e Burela.
 3 Clase A 4 Clase B 6 C & C+	Sistema de activación Chamada dende a torre de control marítimo de SASEMAR ó centro de Coordinación Cruz Vermella Telefono de activación 981 221 000 - 902 222292 Teléfonos 24 horas Tempo estimado de resposta 30 minutos

7. Almacén loxístico



Descrición	Localización
Dispoñemos dun almacén loxístico co que facer fronte ás primeiras necesidades dos equipos de intervención para unha situación de emerxencia. En caso necesario, Cruz Vermella ten un almacén loxístico central en Fuenlabrada (Madrid) o que podemos acudir para multiplicar as achegas de material si fose preciso.	Sede de Cruz Vermella de Galicia en A Coruña, R/ Cruz Roja Española, 1 .
Sistema de activación	Chamada dende a central de emerxencias Galicia 112.
Telefono de activación	981 221 000 - 902 222292 Teléfonos 24 horas
Tempo estimado de resposta	30 minutos

8. Unidades emerxencia social



Descrición	Localización
As unidades de emerxencia social son equipos multidisciplinares de formación social preparados para a actuación xunto ás forzas de seguridade ou os equipos de emerxencia na atención de casos de tipoloxía social: Atención á infancia, a maiores con dificultades de mobilidade nos casos de accidentes, vítimas de sucesos delictivos, violencia de xénero, actuacións de soporte e axuda a persoas inmigrantes, apoio ás persoas sen fogar...	Ámbito: Local. Activado en : A Coruña. Próxima ampliación a outras localidades.
Sistema de activación	Chamada dende a central do 112- Emerxencias ó centro de Coordinación Cruz Vermella para aquelas localidades con servizo operativo
Telefono de activación	981 221 000 - 902 222292 Teléfonos 24 horas
Tempo estimado de resposta	1 hora (nivel Urxente)

Unidades urxencia social: SEMUS operativo na cidade da Coruña (horario de 6 pm a 8 am Luns-Venres e 24 h.o fin de semana)

Unidades de atención social: En caso necesario e si hai dispoñibilidade, a rede territorial de Cruz Vermella poderá asumir a atención de casos sociais derivados de emerxencias dentro do seu horario de atención ou por causas de gravidade chamando ó Centro de Coordinación de Cruz Vermella.

9. Buscas e reagrupación internacional



Descrición	Localización
En caso de desaparicións de persoas motivadas por un conflito ou por unha catástrofe natural, Cruz Vermella dispón de diversos sistemas de axuda, podendo a través dos recursos da rede mundial de Cruz Vermella tratar de poñer en contacto a familiares desaparecidos. Asimismo, podemos transmitir mensaxes a familiares en países en conflito ou, segundo os acordos firmados coas autoridades españolas, mediar ou proporcionar o billete para os casos de retorno ós países de orixe ou para reagrupación familiar.	Ámbito: Internacional.
 Busca de familiares e restablecemento de contacto, ben coa nosa axuda ou directamente polos afectados na web familylinks.icrc.org  Envío de mensaxes a zonas de conflito  Asesoramento para a reagrupación familiar e o retorno	Sistema de activación <u>Chamada</u> dende a central do 112- Emerxencias ó centro de Coordinación Cruz Vermella. Ou correo-e a galicia@cruzroja.es Telefono de activación 981 221 000 - 902 222292 Teléfonos 24 horas Tempo estimado de resposta Horario de atención ordinaria.

CATALOGO DE CAPACIDADES DE CRUZ ROJA ESPAÑOLA (abril 2013)					
AREA DE AYUDA	CAPACIDADES	RECURSOS MATERIALES	RECURSOS HUMANOS	UBICACIÓN	OBSERVACIONES
ALBERGUE PROVISIONAL	Suministrar y distribuir elementos de primera necesidad (higiene, ropa y alimentación) y alojamiento en espacios interiores a personas durante 7 días y 1.100 personas con un tiempo de respuesta para estar en disposición para intervenir no superior a 3 horas .	12 Puestos de Avituallamiento (isotermos y termos) 1.100 camas 1.100 sacos de dormir 2000 mantas 1000 bolsas de aseo kit de Ajuar, vehículos necesarios para el transporte de personal y mercancía	146 Jefes de Equipo 817 técnicos de montaje	Alicante, Almería, Asturias, canarias, Castellón, Ciudad Real, Córdoba, Extremadura, Galicia, Guadalajara, Madrid, Málaga , Valladolid, Navarra, Las Palmas, Santa Cruz. (15 equipos)	Se disponen a nivel central de la capacidad para proporcionar alojamiento temporal a 1.000 personas . Este compromiso está enmarcado en el Plan Estatal de Coordinación y Apoyo de Abastecimiento, Albergue y Asistencia Social con la DGPCE . Así mismo se ha generado otra capacidad para albergar a otras 1.000 personas, preposicionando material en Barcelona (250) / Valencia (250) / León (250) / La Coruña (250). Capacidad para suministros de elementos de abrigo e higiene para 4.000 personas distribuidos en León / Badajoz / Zaragoza / Navarra. Mantenemos un convenio con la Fundación Solidaridad Carrefour para proporcionar alimentación en situaciones de emergencia para un máximo de 1.000 personas durante 7 días. Disponemos de 3 Centros Logísticos , ubicados en Málaga, Almería y Tenerife con la siguiente capacidad de suministro y distribución de productos: 2.200 camas, 2.000 mantas, 0 juegos de vestuario y 10.800 kits de higiene individuales para dos días. Esta capacidad está vinculada al convenio con el Ministerio de Empleo y Seguridad Social .
BUSQUEDA Y SALVAMENTO EN MEDIO TERRESTRE	Realizar labores de búsqueda y localización de personas desaparecidas en espacios abiertos y proceder al salvamento y rescate de las mismas así como prestar la asistencia sanitaria in situ. El tiempo máximo de activación y movilización será entre media hora y un máximo de dos horas , dependiendo del tipo de intervención requerida.	Equipamiento personal de protección, material específico para las actividades asumidas (búsqueda, salvamento, rescate en pared, rescate en sima/cueva, equipo canino), material de apoyo facultativo, vehículos de transporte de mercancía y personal.	63 Jefes de Equipo 182 Socorristas con capacidad para desarrollar las diferentes tareas encomendadas 14 facultativos 40 perros de búsqueda	Alicante, Bizkaia, Euskadi, Catalunya, Madrid y Santa Cruz (6 equipos)	El equipo de Cataluña dispone de una unidad Canina. Los equipos de Madrid y País Vasco están especializados en rescate.
BUSQUEDA Y SALVAMENTO EN MEDIO ACUÁTICO	Realizar labores de búsqueda y localización de personas desaparecidas en ríos, lagos, embalse durante el desarrollo de actividades lúdicas, deportivas, profesionales o cotidianas, proceder al salvamento y rescate de las mismas cuando las condiciones lo exijan prestando asistencia sanitaria y garantizando su evacuación a un centro hospitalario. El tiempo máximo de activación y movilización será entre media hora y un máximo de dos horas , dependiendo del tipo de intervención requerida	Equipamiento personal de protección, material específico para las actividades asumidas (búsqueda, salvamento, rescate en orillas, superficie o subacuático) , material de apoyo facultativo, vehículos de transporte de mercancía y personal.	31 Jefes de Equipo 64 patrones de embarcación 8 buceadores 152 socorristas acuáticos 11 Enfermeros	Asturias, Bizkaia, Cantabria, A Coruña, Extremadura y Salamanca (6 equipos)	El equipo de Cantabria está especializado en labores de rescate subacuático
INTERVENCIÓN PSICOSOCIAL	Proporcionar una respuesta especializada en la atención a las necesidades psicosociales de las víctimas, familiares y allegados afectados por una situación de emergencia con una capacidad máxima de atender a 1.650 personas de manera simultánea durante 4 días y con un tiempo de respuesta máximo para la movilización de 3 horas	Vehículos para el transporte de personas y material Equipamiento de carácter personal Arcones Psicosociales (con material necesario para el desarrollo de las tareas)	135 jefes de equipo 392 psicólogos 173 trabajadores sociales 99 Enfermeros 28 médicos 1.060 Socorristas de Acompañamiento	Alicante, Asturias, Canarias, Ciudad real , Euskadi, Extremadura, Galicia, Huesca, Madrid, Melilla, Murcia, Navarra, Salamanca, Segovia, Zaragoza, Almería, Córdoba, Granada, Huelva, Jaen y Sevilla (22 equipos)	
COMUNICACIONES Y COORDINACIÓN	Unidades móviles que garantizan el establecimiento de comunicaciones en áreas de operaciones en el ámbito de las emergencias. Están equipados de un módulo de telefonía (analógica, GSM, satélite, puestos fijos, portátiles y fax), módulo de radio (equipos VHF y UHF, doble banda marina y aérea, equipos portátiles), módulo informática (ordenadores portátiles, impresora e internet), módulo de oficina y gestión (televisión, proyector) y módulo de soporte y apoyo (grupo electrógeno y mobiliario de oficina). El tiempo máximo de activación y movilización es de 3 horas y con una autonomía operativa de 2 días .	Vehículos de transporte de personas y el material con autonomía de funcionamiento. Equipamiento necesario para garantizar los servicios de estos recursos.	23 Jefes de Equipo 47 técnicos 108 operadores	Almería, Cádiz, canarias, Huesca, Tenerife y Málaga (6 equipos)	El equipamiento de Cádiz, además de lo descrito en las unidades estándar dispone de una ampliación del módulo de oficina y gestión disponiendo de videograbador, videoconferencia, TV por satélite y cámaras exteriores. El equipamiento de Huesca no dispone del módulo de Oficina.